

# T·I·A·S

CIENCIA

FRI  
DA

Volume 2 • Diciembre 2025

A revista T.I.A.S é unha publicación de divulgación científica que ten como obxectivo achegar á sociedade os resultados da investigación que se realiza dende diferentes ámbitos científicos e que teñen un impacto directo sobre ela. A ciencia transforma as nosas vidas, pero estes avances a miúdo permanecen invisibles para a cidadanía. Por iso, é fundamental comunicar non só os descubrimentos, senón tamén o seu impacto social. Amosar como a investigación mellora a calidade de vida, reduce desigualdades ou protexe o medio ambiente fortalece o vínculo entre ciencia e sociedade, e fomenta a construción dunha cidadanía crítica, informada e comprometida.

**A divulgación non é só unha cuestión de comunicación: é unha forma de democratizar o coñecemento e de recoñecer o valor público da ciencia.**

Edita:  **Universidade de Vigo**

Lugar de edición: Pontevedra (España)

ISSN: ISSN: 3101-321X

Revista dispoñible en castelán e galego.

Versión dixital accesible en: [www.tias.uvigo.gal](http://www.tias.uvigo.gal)

#### **Comité Editorial**

Aitor Alonso Rodríguez  
Alejandro M. Fortuny Sicart  
Ana García Quintana  
Brais Suárez Eiroa  
Cristina Camarena Gras  
Cristina Míguez González  
Cristina Vázquez Santos  
María del Carmen Rey Mayo  
Marina Gómez Rodríguez  
Mario Pansera  
Susana Bastón Meira  
Xavier Simón Fernández  
Future Oceans Lab

#### **Comité Asesor Cidadá**

Cristina Louzán García  
Desirée Rodríguez  
Iván Martínez Lorenzo  
José Luis Vázquez Carpintero  
Lía Bascoy Martínez  
Luis Vidal

#### **Equipo de redacción**

Aitor Alonso González  
Ana García Quintana  
Brais Suárez Eiroa  
Cristina Míguez González  
Cristina Vázquez Santos  
Susana Bastón Meira  
Víctor José Sánchez Juárez

#### **Contacto**

Correo electrónico: [tias@uvigo.gal](mailto:tias@uvigo.gal)

Correo postal: Rúa Benito Corbal 45 5ª Pranta. 36001 Pontevedra (España)

**Ilustracións deste número:**  ([www.fridaypunto.wordpress.com](http://www.fridaypunto.wordpress.com))

**Colabora:**  **CISPAC**  
Centro de Investigación Científica  
del Principado de Asturias


**Cofinancia:**   **FECYT**  
INNOVACIÓN

# SUMARIO

---

<b>Editorial</b> .....	3
<b>Apagar outros lumes</b> .....	5
<b>Coexistiendo co lume</b> .....	9
<b>Brotos verdes</b> .....	13
<b>Entre cabalos e montes, o amor dunha neta</b> .....	18
<b>Unha pequena chama</b> .....	20
<b>En terras esquecidas, o lume faise o dono</b> .....	24
<b>Acendendo os coidados</b> .....	27
<b>A nosa terra, os nosos montes</b> .....	29





# Editorial: Lume e ciencia

O control do lume por parte do ser humano supuxo un fito na evolución da nosa especie, e durante milenios foi (e segue a ser) un gran aliado. Sen embargo, coma sucede con moitas outras cousas na vida, cando perdemos o control sobre eles, os aliados pódense volver inimigos. Nas últimas décadas, os incendios forestais téñense convertido nun problema de enorme magnitude con múltiples e terribles consecuencias, principalmente nas zonas rurais. A ninguén se lle escapa a estas alturas que o pasado verán foi o un dos máis crús da historia de Galicia e doutras rexións do país en termos de superficie queimada, xerándose perdas de incalculable valor ecolóxico, económico e social.

Dende o equipo editor desta revista consideramos de gran importancia abordar esta problemática e dar visibilidade ao traballo que se realiza dende diferentes eidos da ciencia en relación con ela. Por iso, nesta nova publicación as nosas personaxes axudarannos a achegarnos a cuestións relacionadas cos incendios que van máis aló da destrución dos ecosistemas e da perda de biodiversidade. Entenderemos cal é a causa do aumento desmedido de lumes durante as últimas décadas, como o lume foi en tempos pasados unha ferramenta empregada con éxito na agricultura, cal é o rol das mulleres na xestión dos incendios, ou por que son importantes certas especies coma os cabalos na súa prevención. →

Coma sempre, as historias que atoparás neste número están inspiradas no traballo realizado por persoal investigador pertencente a diferentes ámbitos científicos coma a historia, a socioloxía, ou a xeografía. Para a creación deste volume temos contado coa colaboración do **Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)**, a quen agradecemos enormemente o apoio que nos ten brindado para sacar esta edición adiante.

Estamos convencidas de que os relatos que atoparás nestas páxinas contribuirán a que mires os montes e o rural con outros ollos e a que, cando escoites falar de novos incendios forestais (porque, lamentablemente, os haberá), lembres o que che contaron Xosé, Miguel, Concha, Lucía, Leonardo e todas as demais personaxes que, a través das súas vivencias, conseguirán achegarte un pouquiño máis ao traballo que, día tras días e de maneira incansable, realizan esas grandes descoñecidas que son as persoas que se dedican á investigación.

Así que ponte cómoda ou cómodo, desconecta as notificacións, e déixate envolver polo calorciño que dá o lume do coñecemento. Porque as únicas lapas que se deberían propagar polos nosos territorios son as da ciencia.

Equipo T·I·A·S



## Apagar outros lumes

Un texto de Cristina Míguez González, baseado no resumo elaborado por Ana Cabana Iglesia e Marien González Hidalgo

Inspirado no artigo científico de Ana Cabana Iglesia (Universidade de Santiago de Compostela) e Marien González Hidalgo (Swedish University of Agricultural Sciences). *Trending discourses and silences around the role of women in wildfires: A systematic scoping review and some reflections from the field*, publicado na revista *Journal of Rural Studies*, (2025).

Juan está sentado no coche vendo o seu Instagram. Leva enganchado media hora revisando as *stories* que está a subir a xente da súa clase. Esta fin de semana hai unha regata de remo polo río e varios dos seus amigos participan; o divertido é que se poñen carpas na carballeira que hai na proximidade da zona de competición e a xente xúntase para ver as carreiras. Fanse camisetas para ir animar aos diferentes equipos e durante todo o día é un non parar de risas, encontros e diversión. E tamén un non parar de *stories* nas redes sociais.

Este ano non vai ir ás carpas, senón que vai á aldea porque o seu avó está de aniversario e organizaron unha comida familiar. Leva un intre sentindo certa envexa do que se está compartindo nas redes, pero tamén lle apetece ir ver aos seus avós. Así que hoxe Juan non ten o seu humor característico. Ás veces a vida é como un *ying-yang*.

De súpeto, empeza a escoitar voces que proveñen da súa casa, unha situación que, para Juan, é habitual. A súa irmá Lucía está a saír con cara de enfado, soprando e pechando a porta de golpe. Os seus pais están detrás, coa típica situación diaria na que a súa naiponse ao nivel de Lucía respondendo a voces e o seu pai trata de evadirse da situación. Lucía quedara por primeira vez coas súas amigas para ir ás carpas e agora xa non vai poder ir. O resto do mundo



dálle igual; está enfadada porque non a teñen en conta á hora de organizar as cousas. Ela empeza a ter plans fóra da súa contorna familiar e á súa nai iso parece non gustarlle. Máis ben, Lucía cre que a súa nai sería feliz ténndoa nunha gaiola e podendo controlala todo o día.

A moza entra no coche e a pesar de que Juan lle fai un par de bromas,ponse os cascos e mergúllase no último disco de Rosalía, a ver se atopa algo de luz aí dentro.

A viaxe á aldea adoita durar unha hora e normalmente elíxese a música que se vai a poñer por consenso. Esta vez o pai dos mozos, que vai conducindo, decide poñer a radio: están a falar sobre as altas temperaturas e o avistamento de varios incendios pola zona. Juan percibe que os seus pais teñen cara de preocupación.

—Mamá, papá, ¿hai incendios na aldea? — pregunta con curiosidade.

A súa nai, sen soltar o móbil da súa man, mira cara a el tratando de non amosar preocupación.

—Cremos que non, pero os avós non collen o teléfono desde fai un intre e a vosa prima acaba de dicirme que os viu saír cos veciños en coche e varias mangueras. Parecía bastante angustiada pola situación, cousa que entendo despois de todo o que leva vivido respecto a este tema.

Ás veces dime que ten pesadelos nos que non é capaz de sacar á xente de casa cando está todo ardendo, unha situación bastante angustiada e

que vén de todas as súas vivencias xa desde nena.

Nese momento, á súa nai sóalle o teléfono e Juan escóitaa falar con quen parece ser a súa avoa. Ao colgar, comenta en voz alta:

—Efectivamente, os avós foron á parroquia do lado a axudar co incendio que empezou esta mañá. Ao parecer, a avoa mobilizou ás casas do arredor e decidiron ir en grupo a axudar. Esta muller é un cu inquieto —di cunha mestura de orgullo e preocupación.

O seu pai, doutra banda, parece máis angustiado.

—Nós non imos achegarnos ao lume baixo ningún concepto. Hai un equipo de extinción de incendios que se encarga disto. É o que nos faltaba, vamos —o seu aspecto cambiara a unha mestura de medo e rabia—. Chamamos aos meus pais e que veñan para casa. Isto é perigoso, a miña nai non pensa ben as cousas.

—¿Que é o que che dá medo, o incendio ou que estea a túa nai por alí? —pregunta a nai de Juan ao seu marido—. O lóxico é botar unha man nestas situacións.

—Paréceme perigoso en xeral —contesta o seu pai.

—Xa, pero suponse que o que facemos cando hai un incendio é axudar, non só esperar a que veña o equipo de extinción ¿non? —responde a nai, mirando de esguello ao seu fillo Juan—. Alí, todas as persoas saben o que teñen que facer e a túa nai leva media vida organizando cousas na aldea. Ela sofre cada vez que o lume queima a súa terra, a terra que lle permite cultivar a súa comida. O fume esnaquízalle os bronquios, cústalle moverse rápido, e cada verán encólleselle o peito só de oír falar de incendios. O lume golpéaa distinto, máis forte, no corpo e na cabeza, durante o susto e moito despois. E, ademais de todo iso, é a primeira en levantarse, en chamar ás veciñas, en dicir quen vai con quen e que hai que facer. As que máis sofren o lume son moitas veces as mesmas que sosteñen ao pobo cando todo arde.

Juan queda pensando o dilema feminista que abre a súa nai ao sinalar que a avoa tamén ten a

capacidade de intervir na situación. Mentres reflexiona, na radio seguen falando de helicópteros, brigadas e camións cisterna: todo homes. Voces graves, mandos e xefes de operativo. Nin unha soa muller no relato. Nese momento, Juan lembra que, unha vez, unha moza bombeira saíu na televisión e foi todo un fito: «a muller bombeira», «a heroína».

Lucía, que parece ausente cos cascos postos, quitase un sen que ninguén se dea conta.

—Non están penetrando no lume —volve falar a nai de Juan—. Están a cortar maleza, mollando ao redor das casas e coidando que ninguén quede atrás.

Juan mira pola xanela. A paisaxe empeza a cambiar: menos edificios e máis verde. Ao fondo, unha especie de nube marrón-agrisada que non parece unha nube normal.

—Iso é fume? —pregunta Juan, incorporándose. Ninguén contesta, pero o silencio dio todo.

Ao chegar á aldea nótase o cheiro a queimado. Non é o fume denso dun lume próximo ás casas, senón ese que se incrusta na roupa e che rasca a garganta.

Na praza, en lugar de coches aparcados, como é habitual, hai un pequeno caos organizado: unha furgoneta aberta chea de garrafas de auga, cubos, manguerías, mochilas... Un grupo de mulleres que coidan de anciáns da aldea está alí, con aparencia cansa tras ter que evacuar a estas persoas cara a puntos seguros. Móstranse desconcertadas e tensas ante a situación.

O primeiro que ve Juan é á súa avoa. Está de pé, cunha gorra vella, o seu típico mandil azul de cadros, o pelo recolleito e o móbil na man. Fala rápido, sinalando co dedo cara ao monte.

—Ti con Maruxa por ese camiño, ides vendo se queda algunha casa sen avisar —di—. E ti, José, mira que as persoas maiores teñan onde ir se isto vai a máis. Que ninguén quede sen aviso, ¿eh?

Á beira dela, un grupo de persoas de distintas idades móvese dun lado para outro. Unha revisa a lista de veciñas e veciños. Outra reparte botellas de auga. Dúas persoas, entre as que se atopa a súa avoa, cargan cunha manguera que é

máis grande do que Juan xamais pensou que poderían levantar.

A súa avoa, ao velos baixar do coche, vira a cabeza e dedícalles un sorriso rápido, deses que se escapan no medio da présa.

—Bueno, xa era hora. Xa pensaba que non vos ían a deixar saír da cidade —chancea—. Se queredes axudar, mellor aquí que mirando a televisión, pero con precaución. Os bombeiros dixeron que o lume está controlado polo outro flanco, pero o vento xa sabemos como é.

O pai de Juan abre a boca para dicir algo, pero volve pechar tras a mirada fulminante da súa nai. Non está moi convencido, pero tampouco quere montar unha escena alí.

Lucía, que baixara do coche arrastrando os pés, de súpeto mira á súa avoa con outros ollos. Non é a imaxe que ela tiña de «señora maior de aldea», nin nada semellante.

—A ver, rapaces —di a avoa dirixíndose a Juan e a Lucía—. Se queredes facer algo útil, podedes acompañar a Tere a ver se na parte de abaixo queda alguén sen avisar. Ela coñece os camiños. «Ela coñece os camiños», repite Juan para si mesmo. Claro que os coñece, leva toda a vida indo ao monte, recollendo leña, observando por onde corre a auga cando chove e coñecendo que zonas secan antes no verán. Iso non sae nos telexornais cando falan dos incendios.

Mentres camiñan con Tere – unha veciña duns cincuenta anos con camiseta dunha antiga «Brigada de voluntariado forestal» – Lucía deixa o seu enfado atrás e rompe o seu silencio:

—¿Ti estiveches algunha vez apagando un lume de verdade? É dicir, ¿de preto? —pregúntalle Lucía a Tere.

—Por desgraza, unhas cantas veces —contesta Tere—. Estiven na brigada antiincendios cando era máis nova e agora colaboro como podo avisando á xente, cortando herba e facendo de todo un pouco. E o máis importante, como muller que traballa na casa e como moitas outras, dedico varias horas á semana para coidar a terra para que, se hai un incendio, este non se propague. Os incendios prevéñense con boas

prácticas, non só limpando: mesturando especies para que non todo sexa piñeiro ou eucalipto, recuperando carballos, castiñeiros e hortas que corten o paso ao lume, e deixando que o gando faga o seu traballo, con cabras e ovelas coméndose o que logo arde tan rápido. Iso tamén é apagar incendios, só que moito antes de que empecen.

Incrédula, Lucía dáse conta de que as mulleres da aldea son indispensables para a prevención e mitigación dos lumes. Nas noticias sempre saen os homes contando como foi o incendio, polo que a rapaza nunca se parara a pensar no papel delas.

—Pero os bombeiros son os que apagan o lume, ¿non? —pregunta Juan.

Tere sorrí, pero non a modo de burla, senón como quen entende que a pregunta vén do que as persoas ven a través dos medios de comunicación. Ademais, nota na pregunta de Juan que parece soamente referirse ao sector masculino, cousa que trata de corrixirle.

—O equipo de extinción é clave claro que si; ademais, bombeiros e bombeiras xóganse a vida en cada manobra e pouca visibilidade teñen cando a todo o mundo se lle esquece un incendio. De todos os xeitos, para cando chegan xa houbo xente avisando, limpando, movendo animais, levando auga, organizando quen coida aos menores e á xente maior...E moitas desas persoas son mulleres coma a túa avoa e coma eu. Ademais, hai mulleres nos camións que forman parte do equipo de extinción, e tamén hai mulleres que contribúen con outras tarefas como preparar comida e vixiar as zonas. Hai de todo. Sen ir máis lonxe, moitas das veciñas da túa avoa adoitan facer queimas prescritas para non acumular tanta leña seca. Aquí a xente coñece o lume. E tanto que o coñece...

Juan trata de dixerir todo o que escoita e segue camiñando pensativo.

Chegan a un cruzamento de camiños e Tere detense, mirando cara ao monte, calculando por onde podería avanzar o lume se cambiase o vento. Para asegurarse de que está a facer os

cálculos correctos, contacta co equipo de extinción, coa fin de axudar sen causar máis problemas.

—Oe, Tere —ánimase a preguntar Juan—. ¿Algunha vez tivestes problemas por tentar axudar? ¿Algunha vez vos dixeron que «isto non é cousa de mulleres»?

—¡Uf! Moitas veces— di Tere cun sorriso irónico, debido a que é un tema que leva esgotándoa emocionalmente anos—. Hai quen pensa que as mulleres temos que quedar na casa esperando noticias e preparando o café. Tamén hai quen se enfada cando ve que unha de nós organiza aos veciños. Pero mira, cando hai lume de verdade, o que importa é quen sabe o que facer, non quen o diga máis alto.

Tras ir por varias casas e terminar de revisar que todo o mundo está avisado, Lucía, Juan e Tere volven á praza. Alí, a radio do coche dun veciño segue soando con noticias sobre «os heroes do lume».

Juan observa en silencio á súa nai e á súa avoa, e logo a Lucía, que, sen darse conta, gardara os cascos no peto e collera un cubo de auga. Por primeira vez nese día, a Juan danlle ganas de facer unha story. Pero non de camisetas nin de carpas, senón da súa avoa rodeada de veciñas, co fume ao fondo e esa mestura rara de medo e forza nos ollos. Porque, se cadra, contar esas historias é outra forma de apagar o lume. De apagar outros lumes.

## Coexistindo co lume

Un texto de Susana Bastón Meira e Aitor Alonso Rodríguez, baseado no resumo elaborado por Elvira Santiago Gómez, Carmen Rodríguez Rodríguez e Ariadna Rodríguez Teijeiro

Inspirado no libro de Elvira Santiago Gómez (Universidade da Coruña), Carmen Rodríguez Rodríguez (Universidade da Coruña) e Ariadna Rodríguez Teijeiro (Universidade da Coruña) *Lume: Análise social dos incendios forestais* (ISBN: 978-84-1110-710-5, 2025), e no artigo científico de Elvira Santiago Gómez (Universidade da Coruña) e Carmen Rodríguez Rodríguez (Universidade da Coruña) *Bosque y fuego. La deconstrucción de un conflicto contra natura*, publicado na revista Encrucijadas - Revista crítica de ciencias sociales (2024)

O cheiro a fume entrou pola fiestra. Ese fume recordáballo ao fin das choivas e á chegada do bo tempo, pero tamén lle producía unha dor no peito ao saber de onde viña. O ceo estaba tinguido de laranxa. Lume. De seguro que preto, aínda que non tan preto como a súa filla, que estaba no xardín deixando a bicicleta. Que pouco lle gustaba a ela que collese esa cousa co problema visual que tiña.

—Mamá, estou aquí —berrou, entrando sen chamar.

A súa nai estaba de pé ao lado da cociña de ferro, cun pano na man e os ollos vermellos.

—Mamá, ¿estás ben? ¿Pasoulle algo a papá?— alporizouse Aura.

Rosa negou coa cabeza.

Dende que ao seu pai lle diagnosticaran leucemia, cada vez durmía máis. O becho quitáballe lentamente as ganas de vivir.

—Vaia susto —dixo—. Eh, ¿entón? A que ven esa cara.


—¿Non o cheiras?

—¿O lume? Si oh. É un desastre. ¿Sabes o que viña escoitando cando viña para aquí?

—iAura! ¿Como ves coa música no carallo ese que conduces? ¡Non ves que tes vas matar!

—Bueno, bueno, acouga un pouquiño, ¿queres? Non teño a visión dun lince, pero podo conducir a bici perfectamente. E ti sábelo.

—Preocúpome por ti.



—Xa sei mamá. Pero non te preocupes tanto —dixo sorrindo—. A vida é unha marabilla coma para estar sempre preocupada. Digocho eu, que estou namorada dela é so a miro a medias.

Botouse a rir.

Ela era así. Imposible non devolverlle un sorriso.

—Bueno, ¿cóntoche o que escoitei ou non?

—Si, pero vamos sentar, anda, que estou cansa.

Sentáronse á mesa, onde, coma sempre, Rosa colocara un pequeno ramo de dalias granates do seu xardín. Aura lembrou os paseos da infancia: castañas, cogomelos, piñas, follas de eucalipto para os vapores cando se arrefriaba.

—Pois estiven escoitando sobre un proxecto chamado MitigACT, que financia a Axencia Nacional de Investigación. Xa me falaran del no mestrado. É un proxecto que defende a necesidade de deseñar estratexias de xestión dos incendios forestais que superen a distinción natureza-cultura, que de forma clásica se realiza ao abordar os desastres naturais.

—Acouga, dimo máis claro, ¿queres cativa?

—Estate máis atenta, eu non repito —chanceou—. O caso é que a proposta consiste en que os novos plans contra os incendios presten atención non só ás súas características biofísicas, senón tamén ás súas dimensións políticas, sociais e culturais.

—Ah, moi ben.

—iMamá! ¡Deixa a retranca! Claro que está moi

ben.

—Xa o sei cativa. O único que non entendo é como nos afecta iso a nós, as persoas que vemos como o lume está cada vez máis preto das nosas casas.

—Pois deixa de rosmar e escoita. A Comisión Europea está sempre a dicir que co cambio climático e o tempo mais seco temos que evitar facer lume, ¿non si?

—Se ti o dis, terei que crete.

—Bueno, pois este enfoque é reactivo e, lonxe de resolver o problema, contribúe a acumulación de combustible e á xeración de paisaxes máis vulnerables a grandes incendios. O que din elas, as persoas do proxecto quero dicir, é que hai que avanzar cara a modelos que aposten pola prevención e a xestión integrada do territorio. É dicir, cambiar o modelo centrado na supresión, por outro baseado na coexistencia co lume.

—¡Como!? ¿Que dis? ¿Como que convivir co demo? —alporizouse Rosa.

—Carallo mamá, hoxe estás quentiña, quentiña. Como para asar castañas riba túa.

—É que non o entendo. ¿Como que convivir co lume? Antes, cando eu era cativa, cando ardía un recuncho do monte, ao momento estabamos ás carreiras pola aldea. A rapazada cos ramallos, os homes coas palas, as mulleres levando augas dos pozos. Tiñamos medo, pero tamén forza.

—Claro que si, mamá. Pero é que iso é unha das cousas que din. Cambios demográficos, o abandono agrario, a falta de cohesión social e políticas territoriais insuficientes son factores que fan que o monte arda.

—A ver, explícate cativa.

—A maior parte dos incendios en Galicia teñen orixe humana.

—Ti hoxe queres prenderme, ¿non si?

—*Escooíta*. A maior parte dos incendios teñen orixe humana, pero isto non implica intencionalidade. Factores como o envellecemento da poboación, a perda de usos tradicionais do monte, ou a expansión desordenada da masa forestal incrementan a gravidade dos episodios.

—Estasme a marear. ¿E isto que ten que ver con iso que comentaches da coexistencia co lume?

—Agora estaba a dicirte as causas, pero me saiches con iso de cando eras pequena e non sei que.

—*Bueno*, pero a ver, ¿explícame ou non me explícas?

—Mamá, ti hoxe toleaches, ¿non si?

—Vas levar.

As dúas riron.

—A ver, isto da coexistencia co lume supón deseñar solucións baseadas na natureza, recuperando os usos tradicionais do lume nun marco planificado que reduza riscos, e complementalas con medidas sociais que limiten a probabilidade de incendios involuntarios e deliberados.

De repente, un son gutural veu da habitación do lado.

—Carallo, papá si que ronca ¿eh?.

—Si ronca, si —dixo Rosa sorrindo cos ollos. Perdeu a vista pola ventá, vendo o seu amado monte. Ao lonxe o laranxa seguía atormentándoa —¿Quen che vai coidar agora? —dixo para si.

—¿Como dis?

Rosa suspirou.

—Dicia que non sei quen se vai facer cargo do monte, agora que cada vez a xente vai máis para as cidades. As brigadas antincendios traballan só uns meses e logo quedan sen contrato. ¿Como se vai manter un territorio con emprego estacional?

Os ollos de Aura estremecéronse de ledicia.

—Mira o que trouxen.

Meteu a man na mochila e sacou un libro.

—¿Xa estás a mercar máis libros? Cansas a vista así.

—Mamá, que lea máis lento non significa que non poida ler. Carallo, sempre co mesmo.

Síntoo miña filla, pero...

—Si, xa sei mamá. Preocúpate por min. Pero ás veces é a preocupación porque che pinche o toxo, e non o toxo cando che pincha o que fai máis dano.

—¿Como?

—Carallo mamá, que as veces facemos máis dano ao preocuparnos de máis porque, nin vivimos, nin deixamos vivir.

Rosa ficou sorprendida.

—As veces esquezo canto crechiches. Xa non es a miña cativa.

Aura acariciou a meixela da súa mai.

—Sempre serei a túa cativa. Simplemente... Non me trates como se o fose.

E volveu rir.

—Bueno, o caso, mira que che trouxen.

—«Lume: Análise social dos incendios forestais». ¿Que é?

—Un libro mamá.

—Vas levar ¿eh?

—Síntoo, síntoo. Nada, é o libro que fixeron as persoas que traballaron no proxecto que che comentei. Dicias o das brigadas e tes razón. Elas no libro expoñen dez recomendacións para orientar as novas políticas de gobernanza, e unha delas é corrixir a estacionalidade do emprego. Tamén falan de atender as condicións indirectas que che comentei antes, o envellecemento e esas cousas.

—Recordo.

—Bueno, por si acaso. —chiscoulle un ollo— Unha delas ten que ver con iso de non basear todo o modelo na supresión, ¿sabes? Se non que os recursos se equilibren entre prevención, xestión do lume e recuperación. Tamén aproveitar o coñecemento local para mellorar as tarefas de prevención e sensibilización.

—Iso gústame. Que agora hai loiadadas desas en todas partes. Cando eu era nova aquí non ardía todo así. O monte coidábase. En cada casa había animais que contribuían á economía familiar, o toxo colliase para o estrume, e a leña para facer de comer e quentar a casa. O monte era traballo... pero tamén era vida.

—Diso tamén falan, mira ti. De recuperar os usos produtivos do monte mediante iniciativas sostibles ligadas á madeira e outros recursos forestais.

—Iso. Pero o monte podería dar moitísimo máis ca madeira: pasto para o gando, colmeas de

abellas, cogomelos, froitas, incluso rutas de sendeirismo. Cousas que traen vida, non só cinza.

—Exacto. Revitalizar a cohesión social e interxeracional nas zonas rurais con actividades vinculadas ao territorio.

—¿E din algo das comunidades de montes?

—Das comunidades de montes non sei, pero si que falan de aproximar a toma de decisións ás comunidades locais, é dicir, a xente, incorporando as súas demandas nos plans de xestión. Ademais, tamén din de establecer un modelo comunicativo eficaz en situacións críticas, baseado en información clara, veraz e procedente de fontes expertas. Isto ten que ver tamén con mellorar a comunicación mediática en crises, garantindo mensaxes útiles que faciliten a toma de decisións cidadá.

—Ah, moi ben, moi ben.

—E por último, revalorizar o espazo natural mediante propostas culturais, educativas e deportivas que fomenten o coñecemento e o apego ao territorio.

—Si señor, que non sexan só eucaliptos por aquí, eucaliptos por alá.

Aura riu. Viu con cariño a súa mai, quen dende que lle diagnosticaran a enfermidade ao seu pai pouco sorría.

—Que, ¿gustouche entón agora o modelo de coexistir co lume? Como ves, para que sexa posible é necesario fortalecer a colaboración entre os axentes públicos e privados, mellorar a transparencia e superar a desconfianza mutua entre institucións e cidadanía. Gobernanza participativa, con espazos de diálogo que permitan incorporar as demandas locais, xerar confianza e todo iso.

—Pois si, pois si, creo que vou mercar ese modelo.

Aura sorriu e deixou á súa mai ollando o libro. Entrou no salón e viu o seu pai roncando, coa cabeza colgando. Quedara durmido vendo un partido na tele. Como quería ao seu vello... Os prognósticos ían ben, tiñan máis que esperanzas, pero o medo non llo quitaba ninguén. Sen eles hoxe non tería tanto amor no peito. Recordaba


que seu pai sempre lle dicía que nacera nun verán particularmente cheo de fume: «E eu díxenlle a túa mai: é coma unha rosa entre tanto fento».

Arrimouse ao seu pai e deulle un bico na fronte.  
—Non te preocupes velliño meu —sorriu— O verde sempre volve, ¿non si?

## Brotos verdes

Un texto de Cristina Vázquez Santos, baseado no resumo elaborado por David Soto Fernández

Inspirado no artigo científico de David Soto (Universidade de Santiago de Compostela), Xesús Balboa (Universidade de Santiago de Compostela), Lourenzo Fernández Prieto (Universidade de Santiago de Compostela), *Del manejo campesino del fuego al incendio post-campesino en Galicia*, HAAL, *Historia Agraria de América Latina* publicado na revista HAAL, *Historia Agraria de América Latina* (2004).



—¡Que roio, papá! ¿Outra vez temos que ir á aldea?

A Leonardo dá-lle moita mágoa que a Aarón xa nunca lle apetecera ir con el e Maruxa á súa vila natal, unha pequena aldea do interior de A Coruña, próxima á fronteira coa provincia de Lugo. Pero entendía que xa non era un neno, e aos seus 17 anos tiña outras prioridades, que pasaban basicamente con quedar cos seus amigos para ir por aí de chill (significase o que significase isto, cada día estaba máis perdido co vocabulario adolescente).

Non sempre fora así. Ata hai poucos anos morría por ir ao pobo as fins de semana, onde pasaba o día fóra xogando co seu irmán Xosé e as súas primas. Xosé nunca perdeu ese gusto polo rural, incluso cando tiña a idade de Aarón e seguía preferindo ir á aldea a calquera outro plan que lle puidesen propoñer os seus amigos. «A cabra tira ao monte», acostumaban a dicirlle de broma cando rexeitaba algunha das súas «imposibles de rexeitar» propostas. Niso claramente saíu ao seu pai.

Leonardo —a quen dende neno chamaban Leo— naceu na Zapatería (así se chamaba a zona da vila á que el pertencía) e viviu alí boa parte da súa vida, ata que de mozo marchou a A Coruña a estudar. Pero nunca perdeu o contacto. Voltaba á vila case todas as fins de semana e pasaba alí boa parte das súas vacacións. Viña dunha familia

labrega e humilde na que todas as xeracións anteriores a el viviron do campo. Adoitaba pasar moito tempo coa súa aboa Antonia, unha muller do rural incrivelmente intelixente e cunha mentalidade moi aberta para a súa época que sempre lle contaba as historias da vila, lle explicaba como se vivía cando ela era moza, e como eran aquelas paisaxes, ben diferentes ás de agora...

—Papá, ¿estásme a escoitar? Digo que por que non podo quedar en casa de Juan a pasar a fin de semana. Temos que estudar e facer un traballo.

A voz de Aarón sacou a Leo dos seus pensamentos, que estaban empezando a levalo a unha mocidade que lembraba de xenuína felicidade.

—Aarón... Empezaches as clases hai unha semana. ¿Esperas que crea que xa tes exames e traballos que facer? Ti debes pensar que nacín onte – riu -. Esta fin de semana imos toda a familia. É o aniversario da túa avoa e quere facer unha comida para celebralo.

Aínda que era en parte certo, en realidade non era esa a verdadeira razón pola que quería que o seu fillo pequeno fose á aldea esa fin de semana. Este verán tiña sido dramático para aquela rexión, o lume tiñase cebado con ela. Boa parte dos montes tiñan ardido, e a última vez que fora a visitar á súa nai, había un par de semanas,

caéralle a alma aos pés ao ver toda aquela terra queimada e negra, coma saída doutro planeta. Non parecía a mesma aldea na que se criara, era coma se a houbesen extirpado de golpe e no seu lugar puxeran un manto de negrura propio dunha película de ciencia ficción. Leo quería que os seus fillos visen aquilo, quería que fosen conscientes do que estaba a pasar. Sabía que Xosé xa o era, dende neno sempre tivera unha enorme sensibilidade polo medio ambiente que non tiña feito máis que medrar a medida que se facía maior. Pero Aarón parecía estala perdendo, e iso lle preocupaba enormemente. Dáballe medo que se desconectase por completo da natureza. En realidade, dáballe medo que toda a mocidade (e boa parte das persoas adultas que viven nas cidades) se estivese desconectando por completo dela.

Sairon o sábado cedo despois de almorzar. O traxecto levaba unha hora e media e tiñan planeado facer unha pequena ruta coa avoa Eugenia para avaliar coma se atopaban as súas zonas de monte, aínda que tiñan bastante claro que era difícil que nada se tivera salvado e que o único que atoparían sería cinza. Cando chegaron, Eugenia estaba agardando na palleira, lista para iniciar a exploración. Aínda que xa tiña unha certa idade, conservábase en boa forma grazas a unha vida dedicada ao traballo do campo, moito máis eficaz que calquera adestramento. A familia deixou as súas cousas na casa e os cinco xuntos botaron a andar cara o monte.

A chegada no coche, a pesar do desolador da paisaxe que se abría a ambos lados da estrada, non tivera en Aarón o impacto que os seus pais agardaban. Xosé estaba totalmente abraiado e consternado, coma era de esperar, pero o pequeno dos irmáns non pareceu sentirse moi impresionado, quizais porque apenas afastou a vista do seu teléfono para mirar pola xanela. Sen embargo, agora que botaban a andar polo medio daquel inferno, algo parecía estarse a remexer dentro del. A súa expresión era seria e o móbil tiña desaparecido da súa man coma por arte de maxia.

—Este ano temos vivido unha das peores vagas de incendios da nosa historia, rapaces – díxolle Eugenia aos seus netos con tristura—. Agora todo o mundo fala disto e aporta a súa visión sobre o tema, pero en poucos días todo se esquecerá e a xente pasará a outra cousa. A realidade é que os incendios son un dos principais problemas socio-ambientais de Galiza, con picos de lumes cada poucos anos. Pero isto non foi sempre así. Cando eu era nena, o lume non era un monstro que arrasaba con todo, senón un aliado das familias campesiñas.

—¿Coma un aliado, avoa? ¿Como poden os lumes axudar aos campesiños?

Eugenia sorriu levemente. Non lle sorprendeu que ao seu neto menor isto lle resultase chocante, e alegroulle ter captado a súa atención.

—Hai anos, durante séculos pasados e ata ben entrado o século XX, o monte non estaba desligado da agricultura coma o está agora, senón que xogaba un papel fundamental na alimentación do gando e na reprodución da fertilidade pola recolección de mato para a fabricación de esterco, que despois era utilizado para aboar os cultivos. Unha das principais prácticas que se tiñan por aquel entón eran as estivadas, unha forma de cultivo na que se emprega o lume. Normalmente as estivadas se realizaban despois da tempada de chuvias. Primeiro se lle daba unha primeira rozada, limpeza —aclarou— á terra, amontoando a broza e os terróns para despois queimalos tras tres ou catro meses, e logoc dábasselles outra labor usando esa cinza coma abono para plantar, entre novembro e decembro. O papel destas estivadas foi importantísimo. A agricultura galega tivo unha das máis elevadas produtividades en Europa entre o século XVIII e o XX. As estivadas proporcionaban unha colleita complementaria, case sempre de centeo, moi importante para a alimentación dunha Galiza que estaba por aquel entón moi densamente poboada. Ademais, tamén tiñan un rol central na reprodución do ciclo produtivo do mato, mobilizando a

fertilidade do solo, actuando como pesticida natural e mellorando a composición dos chans pesados.

—A avoa Antonia sempre falaba disto —interveu Leo—. Contaba que estas prácticas foron fundamentais cando se empezou a plantar millo e pataca aló polo final do século XIX e primeiros do XX, antes da guerra civil. Era necesario mellorar a fertilidade e a rotación de cultivos para poder aumentar a produción. Ademais, como empezaba a haber unha especialización gandeira, tamén era máis necesario aumentar os cultivos de plantas forraxeiras para alimentar aos animais, e tamén nisto as estivadas foron determinantes. ¡Vamos! Que foron importantísimas durante moitísimos anos.

—Pero entón... ¿naqueles tempos non había incendios coma os de agora? ¿So os lumes que se usaban para as estivadas? — a historia que estaban a contar o seu pai e a súa avoa tiña bastante sorprendido a Aarón.

—Pois practicamente si —respondeu Eugenia—. Os lumes esporádicos eran pouco habituais.

—¿E que foi o que mudou? ¿Por que agora hai tantos incendios?

—Esa é unha boísima pregunta —desta vez foi o seu pai o que respondeu—. Basicamente, débese a dous procesos históricos paralelos e interrelacionados. Por unha parte, os efectos da política forestal durante a ditadura franquista; e por outro, a industrialización da agricultura. Ambos provocaron unha separación entre o monte e a agricultura e a gandería que nos ten levado á situación actual. A ditadura precisaba de madeira para a fabricación de celulosa, e atopou en Galiza un espazo privilexiado para producila. Expropiaron unha parte moi importante do territorio, os montes veciñais, para repoboalos con cultivos intensivos, primeiro de piñeiros, dende 1940, e logo de eucaliptos, dende os anos 70.

—Pero... ¿quitábanlle as súas parcelas de monte á xente, así sen máis?

—Si, fillo. Así é como funcionan as ditaduras, non hai negociación nin explicación, soamente

imposición —respondeu Leo con pesar—. O caso é que con isto o que conseguiron é crear masas de vexetación que non eran nin son bosques, senón monocultivos de árbores. Isto provocou a separación dunha parte importante dos montes do sistema agrario, empobrecendo a moitas familias. Máis tarde, nos anos 60 e 70, acabouse de establecer esta separación co proceso de industrialización da gandería, que se especializou na produción de vacún de leite e de polos, que son máis dependentes dos pensos que dos montes, e isto fixo que moitos montes particulares quedasen sen uso. A industrialización, ademais, tivo un fortísimo impacto social, xa que provocou a desaparición de moitísimas explotacións familiares e a concentración da agricultura nun número reducido de explotacións máis grandes.

—Así que os montes foron deixando de ser necesarios para a agricultura e cada vez máis pertencen a persoas que non viven sequera no rural —corroborou a avoa Eugenia—. E neste contexto comezaron a ser obxecto de plantacións de eucalipto. Un caldo de cultivo idóneo para os lumes: cada vez menos persoas traballando a terra, e un aumento da biomasa, é dicir, de combustible para eses lumes. Mal negocio, neníños...

Xosé falou por primeira vez dende que iniciaran a conversa.

—O outro día escoitei a un experto na miña uni que dicía que dende 1974 ata hoxe teñen ardido máis de tres millóns de hectáreas en Galiza. E que por moito que invistamos en extinción de lumes o problema non vai desaparecer se non somos capaces de pensar nun futuro do territorio diferente ao que temos, que non pode ser coma o do pasado, pero que necesariamente debe refacer as conexións entre as distintas partes do territorio e coas persoas que habitan nel.

—Non lle falta razón... —aseverou con pesar Eugenia.

A familia continuou camiñando en silencio durante un rato entre a terra queimada. Aarón, que avanzaba mirando ao seu carón con pesar,

parou en seco nun determinado momento e por primeira vez dende que iniciaran a travesía sacou o seu teléfono do peto. Activou a cámara e fixo unha foto a unha pequena ramiña verde que xurdía no medio da negra terra. Os seus pais, que estaban parados detrás del, viron como o rapaz abría a súa aplicación de Instagram e subía a

fotografía que acababa de tomar, xunto á que unicamente escribiu «#brotosverdes». Leo e Maruxa miráronse de esguello, cunha pequena faísca de orgullo nos ollos. Iso de «Brotos verdes» representaba perfectamente o seu sentir... A desconexión do seu fillo coa natureza aínda non parecía ser total. Había esperanza.

## Entre cabalos e montes, o amor dunha neta

Un texto de Aitor Alonso Rodríguez, baseado no resumo elaborado por Laura Lagos e Jaime Fagúndez

Inspirado no artigo científico de Laura Lagos (Universidade da Coruña) e Jaime Fagúndez (Universidade da Coruña), *Changes in management shape the spatial ecology of wild ponies in relation to habitat conservation*. *Biodiversity and Conservation* publicado na revista *Biodiversity and Conservation* (2005).

Cun sorriso radiante, púxolle o libro aberto na cara.

—¡Mira avó! ¡Este marrano é precioso!

Ramón soltou unha gargallada.

—Non miña filla, aos cabalos salvaxes chámaselles garranos, ou bestas, pero non marranos. Eses son os porcos.


Cíes entrepechou os ollos, enfurruñándose.

—¡E iso que importa abu! Só cambia unha letra. Mira que bonito é. ¡Mira que bonito!

Cíes tiña a capacidade de ver a maxia nos detalles máis pequenos. Sorprendíase con cada cousa que aprendía, con cada fotografía, con cada paisaxe e, sobre todo, con cada animal. O mar gardaba un espazo especial no seu corazón, pero non desprezaba os montes.

Tiña 12 anos, pero non o parecía. Ás veces parecía maior, e comprendía emocións que o resto pasaban por alto. Outras veces era súper infantil, e quería atrapar a curiosidade da infancia na súa mirada, estendela ao crecer, sen permitir que madurar se convertese na escusa para volverse triste.

Ramón era outra persoa cando estaba ao seu carón. Nunca foi un vello malhumorado deses, pero cando estaba con ela era máis de todo o bo. Mesmo nesa fin de semana, onde non recoñecer o seu pobo estaba a danarlle. Sentíuse agradecido de tomar a decisión de pasar máis tempo coas súas netas durante o ano.



—Tes razón, cariño. É precioso.

Volveu coller o libro e observou o cabalo. De súpeto, a aldea desapareceu da súa mente, e lembrou a excursión que fixera o ano pasado por Sabucedo. Alí coñecera a un rapaz bastante agradable. Ao principio custara arrincarlle as palabras da boca. Movía os ollos rápido e non paraba de cambiar o peso do corpo dun lado para outro.

—Jajajaja, moves tanto os ollos que parece un cabaliño de mar.

A ocorrencia de Cíes fíxolle rir e soltouse. Ramón e a súa neta descubriron que se chamaba Xosé, que estudou bioloxía en Santiago, e que se tiña namorado. Pero iso é para outra historia. Descubriron tamén que de cabaliños de mar nada, pero de cabalos, Xosé sabía unha chea.

—Os cabalos salvaxes son importantísimos para conservar hábitats como os brezais, ou para previr os incendios forestais. Ademais, tamén son unha das presas principais do lobo en moitas zonas de Galicia.

—¡Claro que si! —dixo Cíes— Díxomo o meu avó. Ramón sorriu e encolleuse de ombreiros.

—Son de aldea meu fillo. Coñezo ben aos garranos. Ata hai pouco simplemente vivían ao seu aire no monte e os seus donos só os baixaban unha vez ao ano no curro ou rapa dás bestas.

Xosé quedou sorprendido do coñecemento do

ancián. Sempre escoitara que se podía aprender moito das persoas maiores. El pensaba que só aprendía quen estaba disposto a escoitar.

—Isto mudou, ¿non si?

—A verdade é que si. Agora, o monte cambiou moito. Nalgúns montes veciñais en man común construíronse peches para que os animais non saian. Mesmo chegaron a pechase parcelas dentro do propio monte e os cabalos rotan dunhas a outras como gando —suspirou—. Ademais, nalgúns montes creáronse pradarias nas zonas que antigamente eran brezais.

De súpeto, Ramón soltou unha gargallada.

—Aínda que moito máis diso eu non che sei. Iso son cousas que aprendedes os mozos como ti, na miña época facíase o que se tiña que facer.

Xosé sorriu.

—Falas como o meu avó.

—Home sabio —riu Ramón.

—Mira avó, pode ser o teu amigo ese señor, ¿eh? Dende que a *abu* non está saes menos de casa, e ás veces cando chego a verte, nótoche triste.

A Ramón encolléuselle o corazón.

—Non te preocupes por min, miña filla. Con vervos a vós, e ver que a túa nai e a túa tía están ben, eu xa cumprín.

—iNon digas iso!

Ramón volveu rir e revolveu o pelo da súa neta.

—Non te preocupes, que o teu avó é un carballo. E a este carballo non o cambian por eucalipto. Mira, —dixo volvéndose cara a Xosé— volvendo aos cabalos, ¿que me contas do coidado do monte?

Xosé, quen escoitara a conversa sen se entremeter, respondeu lembrando o que lera.

—Pois, polo que lin, conservar a forma tradicional do manexo dos cabalos salvaxes, influíndo o menos posible, axudaría a xestionar os montes. Reducen o risco de incendios, por exemplo, pero tamén afectan positivamente na biodiversidade de plantas nos brezais. E, ademais, os cabalos son especialmente útiles, porque están adaptados ás condicións duras das nosas montañas e non necesitan axuda. É un sistema que non sería tan difícil manter, ao non requirir

tantos coidados como o gando vacún, agora que o rural está a abandonarse.

—Ben sei eu diso —dixo apesurado.

Foi nese momento cando Ramón decidiu que o fin de semana que seguinte irían todos á aldea. Se podían, claro, non era cuestión de obrígalos.

—Acábome de acordar... Non, deixa, que vaia chapa che estou a dar.

—iConta, conta! Que non me estou pispando, pero está interesante —respondeu Cies.

O avó e Xosé sorriron.

—Bueno... Lin hai pouco un artigo académico que falaba sobre isto. Buscaron entender como as mandas de cabalos salvaxes usan o espazo e de que maneira a súa distribución e movemento polo monte pódense ver influídos polas distintas prácticas de manexo. Para saber tomar mellores decisións sobre a conservación dos hábitats, vaia. —¿E como o fixeron? —preguntou Cies cos ollos ben abertos.

—Puxeron colares GPS a 29 eguas, repartidas entre... aquí vaia, Sabucedo, e na Serra do Xistral, alá para Lugo, ao longo dun ano. Os colares rexistraban unha localización cada hora, e estaban postos nunha egua por manda. Calcularon os tamaños das mandas ou greas, e as áreas de campeo, que son as zonas do monte que usan e onde se atopan habitualmente. Tamén as áreas máis usadas dentro desas áreas, chamadas áreas núcleo, e analizaron se había tipos de vexetación que lles gustasen máis ou menos, e como todo isto podía depender do manexo que facían os besteiros delas. É dicir, todo iso que dicíamos antes dos peches, as praderías, movelos dunhas parcelas a outras...

—Carai... Perdinme. Vaia memoria tes, *chico* —dixo Cies.

Xosé rascouse a caluga.

—É que na universidade métenme con calzador a importancia de fixarse na metodoloxía cando se fai ciencia.

—¿E que descubriron? —preguntou Ramón.

—Os cambios no manexo non parecen afectar as áreas núcleo, ou sexa, que non afectan á mínima superficie necesaria para cubrir as súas

necesidades básicas. O que si, parece que cando o manexo é máis intensivo, as mandas son máis grandes.

—¡Máis cabalos! Iso é bo, ¿non? —preguntou Cíes. Xosé negou coa cabeza.

—Mandas cun maior número de cabalos ocupando áreas de campeo menores poden aumentar a presión nos hábitats, en comparación co sistema tradicional, vaia, que contribuíu a manter os brezais durante milenios.

—Ah, vaia...

—Bueno, o artigo di moitas cousas máis, pero ao final a conclusión é que, se perdemos o sistema tradicional de manexo e o substituímos por prácticas máis intensivas, afectaremos a como as mandas usan o monte, o que inflúe tamén na conservación dos hábitats. Ao final, todas esas prácticas que apareceron, como os peches de montes pequenos, rotar os cabalos por parcelas, ou a transformación da vexetación natural a praderías melloradas, parece que afectan ao seu comportamento. Esta forma máis intensiva de manexalos provoca que as mandas teñan maior tamaño, pero tamén menores áreas de campeo, e aumenta o solapamento entre os territorios das mandas veciñas.

—Bueno, todas estas cousas a min escápanseme, a verdade, pero ao final volvemos ao mesmo: na miña época o sistema tradicional funcionaba mellor.

—Si, bueno, é verdade... Pero antes tamén había outros problemas. Quizais non se trate de volver ao pasado, senón de recuperar aquilo que funcionaba, mantendo os bos avances. Mira que útil, por exemplo, usar un colar GPS en cada grea para saber por onde andan.

—ilso, iso! Lembra iso do ecofeminismo do que nos falou a tía aquela vez. Iso está moi ben e na túa época, pouco.

Ramón soltou unha gargallada.

—Tes máis razón ca un santo.

Ramón volveu ao presente. Á foto do garrano e á súa neta en fronte súa. Sorriu. Ao final, pensou que a vida ía sobre iso, ¿non? Facer valiosas memorias con aquelas persoas que fan o teu mundo.

Lembrou á súa señora: «Sintoo, meu amor, vas ter que esperar. Parece que aquí aínda me queren».


A morte da súa esposa, os incendios, o cambio na súa aldea, tiñan ido abrindo brechas no seu corazón. Pero non podía deixarse marchar aínda. «Ben merece a pena esforzarse un pouco máis. Tan só... aínda que sexa para deixarlle un mundo un pouco máis fermoso a quen vén detrás».

Cíes recuperou o seu libro e sentou no chan. Ramón deixouse cabecear na poltrona pensando... en que algo tivo que facer ben para ter tanta sorte na vida.

## Unha pequena chama

Un texto de Cristina Míguez González, baseado no resumo elaborado por Noortje Keurhorst

Inspirado na Tese doutoral de Noortje Keurhorst, (Post-growth Innovation Lab, Universidade de Vigo) *Branches of Belonging: Imagining collective flourishing in the Galician monte* (2025).



Lucía está a prepararse para ir á súa actividade favorita: hípica. Todos os mércores ás cinco da tarde organízase para a súa clase. Colle a roupa e unha mochila, esta vez con mazás que a súa avoa lle deu o outro día na aldea: mazás para os cabalos. Está namorada de Liberdade un cabalo maior que foi o primeiro que montou cando chegou ao club de hípica e que agora está retirado, pero vivindo a súa mellor vida. Sempre chega un pouquiño antes para poder estar con Liberdade e darlle todos os mimos do mundo.

Juan acompaña a todas as semanas.

—¡Juan, por favor, é tardísimo! —reprocha Lucía gritando en alto ao seu irmán ao ver que a porta da súa habitación segue pechada.

—¿Oín á domadora de bestas chamarme? —chancea Juan abrindo a porta— Xa imos muller, quero coller algo de merenda para o camiño, que estes músculos non se fan sos.

Lucía non pode evitar rirse ao ver que o seu irmán se toca a barriga, nada musculada. Para os seus adentros, admite que é imposible enfadarse con el.

Baixan as escaleiras á vez. Na cociña, o seu pai está a baleirar bolsas da compra.

—¿Xa vos ides? —pregunta aos seus fillos—. Lucía, lémbrete de escribirme ou mandarme un audio cando chegues.

—Papá, está a un quilómetro —protesta Lucía.

—Un quilómetro de curvas, sen beirarrúa e

rodeado de eucaliptos que arden con só miralos mal —di o pai, esta vez mirando á súa filla—. Xa sabes como se puxo todo o verán pasado. E nada de volver soa, ¿eh? —remata, apuntando agora a Juan cunha cabaciña—. Vólvela traer dunha peza.

—Si, home, que se lle pasa algo á domadora de bestas échenos a casa de cabalos salvaxes —chancea Juan, collendo un anaco de pan da mesa e meténdollo na boca.

O camiño ata o club de hípica atravesa primeiro unhas cantas casas, despois un pequeno tramo de estrada e, ao pouco, o asfalto estréitase e aparece o monte, con cheiro a resina e mentol.

—¿Fixácheste en que plantaron máis eucaliptos por este camiño? —di Juan engurrando o nariz— Antes por aquí había máis piñeiros e carballos.

—Mentres non os planten no campo de hípica, que fagan o que queiran —murmura indiferente Lucía.

O club aparece tras unha curva, co seu alto valo metálico e as luces xa acesas. Óese un relincho de lonxe, e a Lucía ilumínaselle a cara. Juan despídese da súa irmá e lémbrralle que envíe a mensaxe ao seu pai.

Lucía saca o móbil e grava rapidamente un audio: «Papá, xa chegamos, todo ben. Non sexas pesado».

Entra no club, saúda ao aire e desvíase cara ao fondo, onde se atopa o pequeno prado no que

está Liberdade todas as tardes. O cabalo levanta a cabeza ao escoitar a voz de Lucía.

—Ola, pequerrechiño —bisbea ela, achegándose ao valo—. Mira o que che traio hoxe.

Saca unha das mazás da mochila, a parte en dúas coas mans e ofrécella. Liberdade masca amodo, coma se saborease cada instante de agarimo. Lucía apoia a súa fronte no pescozo do animal, notando a calor e o ritmo lento da súa respiración.

Un asubío sácaa do seu momento favorito da semana. É o seu monitor, que a saúda dende a pista.

—¡Lucía! ¡Cando remates de malcriar a ese señor maior ven, que empezamos!

Lucía despídese de Liberdade cunha palmada no lombo, deixa a mochila no banco de sempre e entra na pista. Con todo, nota algo distinto: ao fondo, o campo grande onde normalmente saen de roteiro está acordoado con cinta vermella e branca.

—¿Que pasou aí? —pregunta, sinalando a zona acordoada. O monitor suspira.

—Pois que alén do camiño van ampliar unha plantación de eucaliptos. E o seguro dixonos que, co risco de incendios, mellor non usar ese roteiro ata que estuden ben o plan.

—¿Ampliar? ¿Máis eucaliptos? —repite Lucía.

—*Bueno*, xa sabes como está o tema —responde o monitor con resignación—. Din que o monte hai que «aproveitalo», que dá traballo, que Galicia vive da madeira... O de sempre.

—¿E o club non pode facer nada?

—Estamos a tentar falar coa comunidade de montes e co Concello, pero... —encóllese de ombreiros—. Non sei en que quedará todo.

Lucía nota un nó raro no estómago. Teme que, se seguen plantando máis eucaliptos, haxa menos sitio para roteiros, máis risco de lume... e máis excusas para que o seu pai diga que a hípica é perigosa.

Esa noite, durante a cea, Lucía saca o tema que non a deixa comer con tranquilidade.

—Acordoaron a parte de atrás da hípica — empeza Lucía, mentres xoga co garfo no prato—.

Non imos poder saír de roteiro porque van plantar máis eucaliptos.

O seu pai levanta a mirada do prato, engurra o cello un momento, logo recóstase na cadeira.

—Bueno, é normal. A madeira é un dos motores da economía aquí. Non se pode ter todo: monte bonito, cabalos felices e emprego.

—¿E quen dixo que o monte con eucaliptos é bonito? —salta Lucía con rabia—. É todo igual, parece un filtro de fotos mal feito.

O pai de Lucía ve interese na súa filla e animase a profundar no tema.

—Claro. Hai modelos de xestión, estudos, plans. O monte pode ser produtivo e sostible á vez. Agora fálase de asuntos como créditos de carbono, servizos ecosistémicos...

Lucía mirao, algo sorprendida polas palabras.

—¿Servizos que?

—Ecosistémicos —repite el—. O que o monte lle ofrece á sociedade: aire limpo, auga, paisaxe. Pódese medir, valorar economicamente e cobrar por iso.

—Ou sexa, vender o aire— murmura ela.

—Non é «vender o aire», é recoñecer o valor das cousas —responde o pai—. Mira, na empresa estamos a traballar con comunidades de montes que queren sacar rendemento de coidar ben o seu terreo. Págaselles por manter o monte en condicións. Todo o mundo gaña.

—Pois a min paréceme que quen decide todo iso nin monta a cabalo nin vive á beira do monte —di Lucía, cravando con rabia o garfo nun anaco de pataca.

A nai de Lucía, atenta á conversación, intervéncando sente que é o momento.

—Mañá hai unha reunión da comunidade de montes no centro social —di entón—. Vino nun cartel baixando ao centro. Igual poderíamos ir escoitar que contan.

—¿Quen? —pregunta Lucía, coa boca a medio abrir.

—Ti e quen queira —responde a nai—. Tanto falar do monte, non estaría mal escoitar á xente que vive del.

Lucía non di nada. Pero segue un bo intre co

tema na cabeza.

Ao día seguinte, á saída do instituto, ve o cartel da asemblea da comunidade de montes que mencionara a súa nai. Será esta tarde. Á beira, outro papel máis pequeno, escrito a man: Brigadas deseucaliptizadoras. Saída voluntariado este sábado. «Arrincar para coidar»

«Arrincar para coidar». Sóalle raro, pero atráelle.

—Se os cabalos puidesen ler, xa estaría Liberdade apuntado – oe ás súas costas. É o seu monitor, que sae do centro social cunha chea de folios na man.

—Dáme rabia o do roteiro de hípica —admite.

—Pois entón igual é boa idea que veñas escoitar —di o seu monitor—. Á asemblea, ás brigadas ou ás dúas. O monte non se vai a coidar só.

Ese xoves, a asemblea está máis chea do que Lucía esperaba.

Unha muller duns cincuenta anos co pelo rizado e canoso fala diante de todo o mundo:

—...levamos décadas coidando este monte, limpándoo, facendo cortalumes, organizando quendas de vixilancia no verán. Non somos xente desorganizada que non sabe o que fai.

A nai de Lucía, que quixo acompañar á súa filla, inclínase cara a ela e bisballe:

—Esa é a presidenta da comunidade de montes.

Lucía mira ao redor. A sala está chea de xente da zona. Na pantalla ao fondo vese un mapa enorme, cheo de manchas verdes e liñas.

Toma a palabra un home maior, con chaqueta de pana e tez gastada polo sol.

—Cando eu empecei a traballar no monte —di—, falábase de «restaurar a natureza». Todo viña do Estado. Había manuais con fotos de bosques «perfectos», case todos de Alemaña, con árbores ordenadas. Diciannos que especies eran «axeitadas», onde había que plantalas e como había que facer os trazados.

Fai unha pausa e sinala o mapa da pantalla.

—Mandábannos mapas dende Madrid. A idea era devolverlle ao monte unha especie de «natureza pura». Parecía moi científico, pero moitas veces non se preguntaba á xente que vivía aquí que monte quería.

Agora toma a palabra unha muller, a enxeñeira forestal que un día foi á hípica para falar coa directiva do club.

—Despois, sobre todo durante a ditadura, o enfoque cambiou. O monte converteuse nunha fábrica de madeira. A idea era que todo fose rendible. Se facía falta usar terras comunais para iso, usábanse. Falábase de «modernizar o campo» e diciase á xente que ou se adaptaba ou se ía. Nesa época, a natureza víase como un recurso. Algo que había que optimizar para que o país crecese.

A Lucía vénlle á cabeza a frase «modernizarse ou emigrar», que oíu en historia, e conéctaa por primeira vez coa paisaxe que ve cando vai á hípica. A enxeñeira segue falando.

—Actualmente temos outro tipo de xestión. Usamos teledetección, modelos e mapas moi detallados. Valoramos o monte por todo o que ofrece: madeira, auga, aire limpo, protección fronte a incendios... Falamos de «servizos ecosistémicos» e creamos novos mercados: créditos de carbono e pagos por coidar zonas concretas. A idea é que a economía e a protección vaian da man.

Lucía recoñece moitas palabras da cea co seu pai.

—Dende a comunidade de montes non estamos en contra da ciencia nin da tecnoloxía —intervén novamente a presidenta da comunidade de montes—. Sabemos que o monte dá madeira, e que a xente necesita comer. Pero tamén sabemos que a cidade bebe da nosa auga e respira o noso aire.

Dende o fondo alguén grita:

—iE a pesar dos incendios seguen plantando eucaliptos á beira das casas, coma se nada!

Outra persoa engade:

—Por iso fan falta as brigadas: arrincar o que sobra e plantar o que falta. Se esperamos a que o arranxen dende arriba, imos seguir ardendo.

O murmurio crece. Lucía nota tensión no ambiente, pero tamén orgullo. Dáse conta de que o chaman «o noso monte», «o que nos fixeron», «o que queremos deixar aos nosos

fillos».

Tras repensar todas as ideas da asemblea, o sábado soa o espectador antes do normal. Ao ver a hora intempestiva que é, Lucía arrepiñese de apuntarse ás brigadas deseucaliptizadoras, pero xa se ten organizado para ir coa súa nai.

O punto de encontro está a media hora en coche. Cando chegan, hai unhas trinta persoas de diferentes perfís. Lucía distingue a xente que estaba na asemblea e persoas que van ao seu club de hípica.

Un mozo con chaleco reflectante explica o plan:

—Hoxe imos traballar nesta ladeira. Hai unha chea de eucalipto pequeno brotando entre carballos e outras árbores. Imos arrincar os pequenos, facer cortes nos medianos para que sequen, e deixar en paz os exemplares autóctonos. Pensade que cada eucalipto que eliminemos é un pouco menos de combustible para o próximo incendio. Aquí destruír tamén é coidar.

A media mañá, Lucía ten barro ata nas pestanas, rabuñaduras nas mans e un cansazo novo. No descanso, mentres comen bocadillos en círculo, un home conta como o lume quedou a menos de cen metros da súa casa o verán pasado. Outra moza explica que na súa comunidade queren substituír parte das plantacións de eucalipto por

frondosas autóctonas, pero que os bancos só dan crédito se plantas eucalipto, porque é o que dá cartos rápido.

A moza trata de colocar toda a información na súa cabeza: o Estado que quería deseñar unha «natureza pura», a época na que o monte era soamente unha fábrica ao servizo dunha gran nación, un presente de palabras bonitas e mercados verdes, o roteiro de hípica cortada, o lume...e agora tamén as mans da súa nai cheas de terra e rabuñazos coma as súas.

—Facía tempo que non acababa un sábado tan cansa e á vez tan satisfeita —di a súa nai, estirando as costas.

Lucía tamén está esgotada, pero feliz. Dáse conta de que o monte non é soamente ese lugar polo que pasa para chegar ao club de hípica. É parte da súa historia, e agora ela é tamén parte da historia do monte.

De volta a casa no coche, coas mans aínda manchadas de terra seca, chégalle unha foto ao móbil: é o seu monitor, con Liberdade detrás, e unha mensaxe:

«O día que queiras, facemos un roteiro polo monte que estás a axudar a coidar».

Lucía sorrí e sente que unha pequena chama activista acaba de acenderse no seu peito.

## En terras esquecidas, o lume faise dono

Un texto de Aitor Alonso Rodríguez, baseado no resumo elaborado por Eduardo José Corbelle Rico

Inspirado no artigo científico de Eduardo Corbelle (Departamento de Ingeniería Agroforestal, Universidad de Santiago de Compostela; Centro de Investigación Interuniversitario de los Paisajes Atlánticos Culturales) e Edelmiro López (Departamento de Economía Aplicada, Universidad de Santiago de Compostela; Centro de Investigación Interuniversitario de los Paisajes Atlánticos Culturales) *Farmland Abandonment and Afforestation – Socioeconomic and Biophysical Patterns of Land Use Change at the Municipal Level in Galicia, Northwest Spain*, publicado na revista Land (2024)



Cando vin as feridas nas mans do meu avó, pensei que xa non iamos traballar máis.

Estabamos en outubro e o frío aumentaba, parecía que estaba a xogar a Pokémon e atravesaba o roteiro para chegar a Ciudad Puntaneva. Pero realmente estaba no campo de atrás da antiga casa dos pais do meu avó, nunha aldea preto de Verín. Era curioso. O meu avó levaba anos vivindo na illa de Ons e, que eu soubese, de cando en cando viña visitar o pobo. Quizais unha vez ao ano, para agradecer aos veciños que nos coidaban a casa. De feito, eu non viña por aquí desde que era unha nena, e a miña irmá Cíes non viñera aínda.

A pobre, cando viu o sangue, asustouse e empezou a gritar pedindo algo para vendarlle as mans.

—Isto non é nada— díxolle utilizando toda a súa forza de vontade para poñerse de crequenhas e falarlle á miña irmá aos ollos—, cando era máis novo podía plantar as patacas e as nabizas sen problema, pero a idade non perdoa.

Os seus ollos estaban tristes. Levaban tristes todo o día. Desde onte. Noteino decontado, en canto empezamos a percibir os estragos do verán mentres iamos pola A-52. Foi a primeira vez que vin ao meu avó soltar unha bágoa. A súa terra natal estaba alí e ao mesmo tempo non estaba. Este verán os incendios queimaran máis que árbores.

Parecía que lle queimaran a alma.

—Durante as últimas décadas, a maior parte da poboación foi vivir á costa. Agora nestas áreas pouca xente queda – dixéranos cheo de pena –. E xa nin cultivamos nin ninguén ten vacas. Agora todo vén de fóra, todo de fóra.

Lembrei que a miña tía Marisa faláranos diso durante a comida. Agora, nos países do hemisferio norte cada vez se dedica menos superficie de produción a alimentos e a gando. Así delegamos a produción agraria a países do hemisferio sur, onde se produce maiormente a deforestación, por exemplo.

—Agora todo é plantar eucalipto, ou deixar o monte ao seu libre albedrío. A xente xa non cultiva as terras, xa non pastorea, agora só hai maleza – dixo o meu avó.

Durante a comida tamén faláron de como no últimos vinte anos, en Galicia, o cambio de uso da terra configurarase en catro áreas diferenciadas: unha onde vive a maioría, sobre todo na costa; outra onde se produce madeira; outra, cada vez máis pequena, onde se concentra a actividade agrícola e gandeira, e unha cuarta, na que está a nosa aldea, onde a xestión humana vai desaparecendo, onde crecen as masas de matogueira e arboredo.

—Pero ¿iso non é inevitable, tía? – preguntáralle.

—Non, non o é —respondeu—. E ten consecuencias ambientais, sociais e económicas.

Por exemplo, temos que comprar fóra moitos alimentos que poderíamos producir; e aparecen máis xabaris e corzos, pero moitas especies de aves esteparias, como a perdiz ou o paspallás perden o seu sustento. Ademais... —detívose mirando ao avó.

—Podes dicilo, miña filla. Co monte sen coidar, increméntase fortemente o risco de incendios.

Pensar niso doialle. Dicilo en voz alta traíalle á memoria esas noticias onde as linguas de lume acariñaban as casas dos seus amigos. Por sorte, nós non sufrimos ningunha perda. Aínda que cando llo dixen ao meu avó, sorriume con tenrura, pero non se mostrou de acordo.

—Sálvora, rula, tanto eu como os outros vellos que viven aquí, ou que aínda vimos de vez en cando, perdemos moito. Moito...

Non o entendín do todo. Creo.

—A ver. É un desastre, pero non é para tanto.

E cominme unha rifa da miña marabillosa irmá pequena.

—iParva! ¡Es parva! O avó chora porque as árbores xa non están e agora no canto de verde só hai cores tristes. ¡Díxome mamá!

Ás veces, no canto dunha nena, parecía maior ca min. Os seus pequenos ollíños parecían ver o mundo cunha intensidade que relucía. Quería capturar as árbores, o ceo e, sobre todo, o mar. Revolvinlle o pelo.

—Tes razón. Perdoa avó.

O meu avó sorriu.

—Non pasa nada, rula. Ben, ¿ao choio?

Claro. Este verán o meu avó propúxose dúas cousas: pasar máis tempo connosco durante o ano e ir máis ao pobo. E aí estabamos, na aldea, de fin de semana familiar para «ensinarnos á nova xeración a labrar a terra». Que preguiza. Pero o avó non quería que se perdesse o oficio na súa familia, e a miña nai e a miña tía Marisa estaban de acordo. Así que a nós e aos meus curmáns tocounos vir. E despois de comer chegou o momento de poñer as luvas, calzar as botas para non mancar os pés coa aixada e... a aprender, supoño.

Mentres poñía as botas, antes de empezar a

traballar e de que o meu avó se fixése a feridanas mans, lembrei o que a miña profesora Paca nos dixera na clase. Ao parecer, hai intentos por parte do goberno para frear o despoboamento do rural e limitar o risco de incendios. Creo que dixera que o último fora a Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia, que está vixente e recolle medidas para a mobilización produtiva e a mellora dos usos da terra... Ás veces sorpréndeme a miña memoria. Aínda que seguro que mañá xa non me acordo.

Tamén dixo que a maior parte dos instrumentos que propón teñen un inevitable carácter experimental e o mellor sería aplicarlos onde o seu efecto fose máis transformador. Para iso, coñecer os cambios recentes e a realidade actual do uso da terra é esencial. Ou algo así dixo, creo. Dixo que os instrumentos para romper a homoxeneidade da paisaxe forestal terían maior impacto onde maior densidade de poboación hai, onde se concentra a actividade forestal e onde a actividade humana está a desaparecer. En cambio, aqueles para mellorar a viabilidade das explotacións existentes teñen maior relevancia na área onde se concentra o sector agrícola e gandeiro. ¿E por que me poñía a lembrar todo isto agora? Nin que tivese exame o luns.

—Veña Sálvora, levanta ou cu, colle a aixada e fai así.

A representación do avó Ramón de como cavar a terra pareceume bastante sinxela de imitar. Por iso, cando collín a aixada e do peso case caio para atrás, todo o mundo riu. Que vergoña...

—Miña filla... Non te preocupes. Para iso estás aquí —e púxose nostálxico—. Antes, cando empezou a democracia, por 1976, a metade da poboación de Galicia eran labregos. Pero agora só o 5% teñen a súa actividade na agricultura, gandería e silvicultura. E por iso estades aquí. Non me gustaría que as miñas netas non saiban como plantar unhas verduras.

Puxen os ollos en branco. Como me gustaría poñerme o novo disco de BTS, ou contestar os Tik-Toks que me enviaron as miñas amigas ou...

por culpa da tía agora estaba viciada a Pokémon.  
—JAJAJA. Fágoo mellor que ti Salvi. Mira, mira!!

Cies estaba a cavar cun sacho pequeno, con supervisión de papá. Ese sorriso... Esa ilusión nos seus ollíños... Bueno, se ela o gozaba eu non ía ser menos.

—¿O veciño Gabriel volveu mover as lindes?

—Si, miña filla.

Escoitei mentres recollía a aixada do chan. Miña tía suspirou.

—Realmente, que se fragmentara tanto a propiedade explica tamén en boa medida por que a actividade agraria foi desaparecendo progresivamente en certas comarcas. E así imos, en moitas zonas unha propiedade moi fragmentada, limitantes biofísicas, problemas de accesibilidade, envellecemento e emigración vanse combinando coa homoxeneización da paisaxe e a frecuencia de grandes incendios. Todo nun círculo vicioso que, sinceramente, preocúpame.

Como diría o meu pai: non entendín da misa a metade.

A miña tía, ás veces, poñíase excesivamente técnica e custábame seguila, pero bo, quedoume claro que é importante aprender a traballar a terra e poñer en valor o rural.

Mirei ao horizonte e comparei a paisaxe queimada coa que non o estaba. Suspirei.

Entre a miña tía, o meu avó e a miña irmá ían facer que aprendese a apreciar a natureza simplemente por estar aí. Bueno, supoño que o meu querido Suga pode esperar.

—A ver, avó. ¿Como fago para non caer para atrás?

—Pois non levantando tanto a aixada e suxeitando con forza. Así. ¡Ahh!

Claro. Non se puxo as luvas e unha acha fixo das súas. Comezou a sangrar, miña irmá a berrar asustada pedindo unha caixa de primeiros auxilios, ou que sei eu, meu pai a rifar ao avó por non ter coidado... E como quen non quere a cousa, aí estaba eu, entre sorrindo, rindo e preocupada pola ferida do meu avó. Cansa, despois de traballar no campo. Pero feliz, si.


Creo...

Creo que podería afacerme a isto.

## Acendendo os coidados

Un texto de Víctor José Sánchez Juárez baseado no resumo elaborado por Stefania Barca

Inspirado no informe de Stefania Barca (Universidade de Santiago de Compostela, CISPAC), Rocio Hiraldo (University of Oslo), Dunja Krause (antigua especialista do UNRISD), Eleonora Gea Piccardi (Centro de Estudos Sociais, Universidade de Coimbra) e Dimitris Stevis (University of Colorado State, Center for Environmental Justice) *Just Transition and Care Work: An International Inquiry*, publicado por UNIRISD - United Nations Research Institute for Social Development (2025)



—Outro día loitando contra muiños de vento — dixo Concha, esborrallándose na poltrona—. Hoxe na Rede de Transición Xusta tivemos un debate sobre que entendemos cada unha por «Transición Xusta». Ata aí todo ben, pero cando volvíñ falar co sindicato frustreime. Oe, parece que para algúns só é xusta se viste casco.

Marisa deixou as notas que estaba a revisar ao carón. Sabía que cando Concha usaba ese ton, había faisca. Concha levaba uns meses facendo virar cada conversación en casa sobre a Transición Xusta. A idea de que cando implementamos un cambio ecolóxico, debemos asegurar que non deixamos a ningunha poboación vulnerable atrás. Aínda que Concha levaba anos traballando neste concepto, desde o punto de vista das industrias pesadas do metal, nos últimos meses estaba a traballar na Rede de Transición Xusta e Coidados. Unha rede que expande o significado da Transición Xusta para incluír traballos de coidados, e non ter unicamente en conta o que se refire ao sector industrial. Non era a primeira vez que tentaba achegar nocións da Rede na federación do metal do seu sindicato e acababa tendo desacordos co resto de sindicalistas.

—Imos ver, explícame. ¿Non eras ti quen dicías que quen leva casco son sempre parte da ecuación da Transición Xusta?

—Claro que o son —concedeu Concha—. Se eu son a primeira que entende que os empregos

das fábricas son importantes e son dignos, pero é o de sempre, que non somos as únicas persoas afectadas pola Transición Xusta. Esa idea naceu precisamente dos sindicatos e a Organización Internacional do Traballo para iso: para que non deixemos atrás aos traballadores dos sectores contaminantes. Que se pechas unha mina ou unha térmica, ofrezas empregos dignos en enerxías renovables ou noutros sitios. É un avance, unha innovación social, desde logo. Non o nego.

—Sen dúbida —asentiu Marisa—. Cando se fai ben, tamén pode axudar a democratizar as políticas ambientais. Pode incluír á xente na conversación e ter en conta puntos de vista que vaian máis aló do técnico. Eu que sei, xa sabes que nas clases que dou na Universidade vemos o custo ambiental dun produto, pero a miúdo esquecémonos do custo social. A Transición Xusta tenta corrixir iso.

—Si, pero o problema é que se está quedando curta —farfallou Concha, acesa—. É coma se só vísemos o motor dun coche, pero nos esquecésemos de que necesita rodas, aceite... e condutor. A Transición Xusta centrouse tanto na industria pesada - renovables, construción, minería - que deixou fora sectores esenciais. Marisa arquexou unha cella.

—¿Como cales?

—Como todo o mundo dos coidados —dixo Concha, golpeando suavemente o brazo da

poltrona para darlle máis énfase—. A produción de alimentos a pequena escala, a sanidade, a educación rural, os coidados a maiores... Sectores historicamente feminizados, considerados «improdutivos». E, con todo, son dos que menos CO2 emiten e máis responden a necesidades reais. Como ti dis, a riqueza non é só o PIB, Marisa. É benestar.

—Aí levas toda a razón —recoñeceu Marisa—. As contas nacionais non saben moi ben que facer co traballo de coidados. Trátano como un custo, non como un xerador de valor. É unha limitación inmensa do sistema.

—¡Exacto! —exclamou Concha—. E esa é a primeira gran limitación. A segunda é que a Transición Xusta se guía pola «compensación», non pola «transformación». Trátase de recolocar a un mineiro, o cal está moi ben, pero non de cambiar o sistema que infravalora á coidadora, á agricultora ou á bombeira forestal.

—¿Bombeira forestal? —preguntou Marisa, sorprendida polo xiro.

—Si —dixo Concha, sacando o móbil—. Hoxe mandáronnos un informe da rede. Fala de Natalia, unha bombeira forestal cuxo sindicato denuncia a precariedade, os contratos temporais... ¡É arrepiante! En Ourense, por exemplo, ás unidades aéreas despidenas despois de cada campaña de verán. Os axentes forestais necesitan traballar no monte todo o ano para previr incendios, pero só lles pagan para apagalos. É a lóxica do curto prazo: ver o lume como unha emerxencia puntual e non como un problema estrutural que necesita coidado constante.

Marisa quedou en silencio, procesando.

—Ten sentido. Un incendio non é só unha traxedia ecolóxica e humana; é un emisor masivo de CO2. A prevención, por tanto, é unha dobre vitoria: evita danos e crea emprego que, ademais, reduce emisións netas.

—¡Ilo é! Chámano «empregos climáticos» —dixo Concha, sorrindo ao ver que Marisa conectaba os fíos—. A Rede de Transición Xusta pide

investimento en prevención anual: crear corpos de extinción locais, permanentes e ben financiados. Que non sexan estacionais. Que coiden o monte todo o ano. Así evítanse incendios e xérase emprego digno e de alto valor social nas zonas rurais, fixando poboación.

—É brillante —musitou Marisa, mirando pola xanela cara ao monte—. Converte o coidado no corazón da transición ecolóxica. Non se trata só de cambiar de fonte de enerxía, senón de redirixir o investimento público cara ao que realmente sostén a vida: os coidados das persoas e do planeta.

Concha achegouse e sentou ao seu lado no sofá.

—Por iso ás veces choco na Rede e no sindicato. Na Rede choco porque veño da loita sindical do metal, onde o importante eran os salarios e as condicións na fábrica. Pero as compañeiras da Rede ensináronme que a xustiza é máis ampla. Inclúe a quen coida ao teu avó, a quen planta a túa comida e a quen protexe o monte para que non arda. Esa é a transición que de verdade importa. A que pon a vida no centro. Logo, no sindicato choco porque explicarlles a persoas que levan anos loitando baixo a bandeira da Transición Xusta que a súa forma de ver as cousas é limitada, parece que lles doe. ¡Se o entendo! A min custoume moito entender por que a Rede falaba tanto dos traballos de coidados. O único que quero é facer entender ao resto do sindicato que isto non vai de protagonismos. Que podemos facer campañas pola Transición Xusta que inclúan varios grupos sociais. Ao final, o que queremos non é gañar un acordo nun sitio e un convenio noutro, queremos transformar a economía. Queremos un mundo do traballo mellor.

Marisa tomou a man de Concha.

—É a engrenaxe que lle faltaba á economía. O motor dos coidados. E parece que acabas de acendelo.

—Ou o acendemos xuntas —corrixiu Concha, cun sorriso que iluminou o seu rostro canso—. Só é o principio.

## A nosa terra, os nosos montes

Un texto de Ana García Quintana, baseado no resumo elaborado por Damián Copena Rodríguez

Inspirado no artigo científico de Damián Copena Rodríguez «No había más que tojos». *Transformaciones socioeconómicas y resistencias en el monte vecinal de Galicia durante el siglo XX*, publicado en ÁREAS. Revista Internacional de Ciencias Sociales (2024).



Eran as sete da mañá dun martes, pero Paca espertou entusiasmada. Tiña moitas ganas de explicarlle aos seus alumnos como o mundo no que se criaron se foi construíndo en base a acordos, imposicións e conflitos. Pasarían a mañá nun dos montes veciñais de Pontearreas onde Miguel, comuneiro e historiador, lles explicaría como evolucionou o monte ao longo da historia. Cando chegou á porta do instituto os seus alumnos non estaban tan espertos coma ela. A media hora que lles roubaran de sono xusto o día despois da gala de «La Isla de las Tentaciones» parecíalles a maior inxustiza do mundo.

—A verdade é que prefiro ir de excursión a ir a clase, pero Paca, ben poderíades deixarnos durmir un pouco máis, ¿non ves que estamos medrando e durmir é importantísimo? — queixouse Juan mentres bocexaba.

Xusto nese momento chegou o autobús, o que substituíu as queixas polas discusións regulamentarias sobre quen ía atrás, quen se mareaba e tiña que ir diante, e un longo etcétera.

—Paca, ¿canto falta? Pero... ¿onde nos estás levando? —exclamou Juan cando apenas levaban vinte minutos de viaxe.

—Xa case estamos, paciencia —respondeu a profesora, un pouco preocupada por se os seus alumnos non gozaban tanto da experiencia como ela imaxinara.

Cando finalmente chegaron, Miguel esperábaos

cun sorriso. Paca tranquilizouse ao ver que estaba tan emocionado pola excursión como ela. «A ver se entre os dous logramos transmitirles o interese aos alumnos» pensou. Baixáronse do autobús e colocáronse en forma de semicírculo ao redor de Miguel, quen empezou a falar:

—¡Ola! O meu nome é Miguel, son historiador e comuneiro deste monte. Hoxe tentarei contarvos a historia que agochan estas terras, pero non historietas e lendas sobre seres máxicos, maldicións ou aparicións divinas, senón a historia do monte e das súas xentes, de como as decisións políticas e as protestas foron construíndo esta comunidade veciñal tal e como a coñecemos hoxe en día. Se tedes algunha dúbida ou pregunta interrompedeme sen problema. Así que veña, seguideme, imos adentrarnos no monte.

O cheiro a humidade volvíase máis forte a medida que se avanzaba entre as árbores. Tamén podían escoitar o cantar dos paxaros, o que foi espertando a Juan, que se quedou pensando nas revoltas. Revolucionar á clase ou aos seus curmáns nas comidas familiares era a súa especialidade, pero nunca pensara en que podería levar á xente a revolucionarse no monte.

—¿Algún de vós sabe que son os montes veciñais?

—Son montes xestionados pola comunidade de veciños, ¿non? —respondeu Uxía con ton audaz.

—¡Si! Os montes veciñais son unha forma de propiedade común en Galicia. Este tipo de montes representa un quinto da superficie galega e teñen unhas características que os fan especiais. Fronte aos montes de propiedade pública ou privados, os montes veciñais son bens indivisibles, inalienables, imprescritibles e inembargables. Ademais, están vencellados á comunidade local, que toma as decisións sobre o que lle pasa ao monte en asembleas.

Juan enfadouse de golpe, e sen levantar a man sequera preguntoulle a Miguel:

—Se os montes veciñais os xestionan as persoas que viven preto do monte, ¿por que están cheos de eucaliptos? Non ten sentido, despois sempre estamos ardendo.

Paca mirouno con reprobación, pero non lle deu tempo a dicir nada cando Miguel, en ton tranquilo, respondeu.

—É unha moi boa pregunta, ¿cal é o teu nome?

—Juan —respondeu un pouco avergoñado por como interrompera ao guía.

—Pois Juan, a verdade é que o monte cambiou moito e a súa xestión non sempre é sinxela. Espero que a miña explicación de hoxe vos axude a entender mellor como foi evolucionando. ¿Algunha dúbida antes de que comece a contarvos esta historia?

Paca virouse buscando algunha man levantada. Parecía que o comentario de Juan espertara o interese dalgúns dos seus compañeiros. Finalmente, pediulle a Miguel que continuase.

—A principios do século XX o monte veciñal xogaba un papel fundamental nas áreas rurais. Os habitantes da zona usaban o toxo para producir abono e así manter a capacidade produtiva das terras de cultivo; daba para comer a todo tipo de gando, o que permitía obter carne, leite e la; tamén se producían cereais, como o centeo, e obtíñase leña e outros materiais de construción. Todas estas actividades xeraban un equilibrio entre o mundo agrario e o monte moi diferente do que temos hoxe en día.

—Oe, profe, unha dúbida —preguntou Juan pensativo—. ¿Como facían para plantar centeo,

pastorear e todo iso con tantas árbores?

—É moi boa pregunta, Juan. Nos anos anteriores á Guerra Civil comezaron a realizarse plantacións públicas de piñeiros, eucaliptos e acacias nos montes que usaban os veciños da zona. Pero moitas das áreas que agora son arborizadas, antes eran pastos ou matogueira. Este proceso de forestación forzosa xerou conflitos, xa que moitos dos usos que realizaba a comunidade local, como o pastoreo, pasaron a estar prohibidos nestes montes.

—¿Que tipo de conflitos?

—Pois sobre todo actos de resistencia e sabotaxe, entre os que se atopaban incendios intencionados naquelas partes do monte comunal que foran forestadas con especies de crecemento rápido como as que xa mencionamos: eucalipto, piñeiro ou acacia.

—¿E que pasou despois? ¿Os comuneiros recuperaron o monte, non?

—Bueno, en parte si, pero foi moitos anos máis tarde. Despois da Guerra Civil, o proceso de forestación volveuse masivo. O impulso do Patrimonio Forestal do Estado, impulsado pola ditadura franquista, supuxo a forestación de miles de hectáreas nos montes veciñais. A comunidade perdeu toda voz e voto, o que supuxo un cambio radical no sistema de gobernanza deste tipo de montes. Este proceso foi o que posicionou a política forestal como instrumento para a penetración da economía de mercado nas áreas rurais —Miguel fixo unha pausa, mirou aos alumnos por uns segundos e proseguiu—. Ata o final do franquismo non se modificou a normativa para recoñecer a propiedade veciñal do monte e que permitiu ás comunidades iniciar a súa recuperación. No caso deste monte, a recuperación tivo lugar entre os anos 1979 e 1980. Do mesmo xeito que o proceso de forestación, o de recuperación tamén foi conflictivo, xa que as autoridades locais opoñíanse ao cambio de propiedade. Os veciños, en contraposición, arrincaban eucaliptos e paraban tallas en sinal de protesta. Así que, a comunidade finalmente recuperou o seu monte, aínda que

este era moi diferente ao de principios de século. O custo de plantar especies de crecemento rápido é moi elevado, dadas as súas características resulta difícil reintegrar o monte coas actividades agrogandeiras. Ademais, o armazón empresarial que se foi creando ao redor da actividade forestal non pode subsistir sen a materia prima que lle proporcionan estas terras.

—Pero entón, se o monte cambiou tanto, ¿cales son as funcións das comunidades de montes agora? — comentou Uxia.

—Tivéronse que reinventar e utilizan os recursos económicos que obteñen do monte para xerar emprego e financiar iniciativas que benefician á comunidade, como ao arranxo de camiños ou a participación en entidades culturais e deportivas. Cun pouco de creatividade e innovación están a actuar como dinamizadoras das áreas rurais e cada vez pódense atopar máis exemplos de innovación e boas prácticas vinculadas coa sustentabilidade.

—Bueno, ¿tedes algunha dúbida ou comentario?

—preguntou Paca, mentres gozaban do sol de última hora da mañá. Tras a negativa da clase, proseguíu— Vale, despois deste paseo tan interesante vou amargar un pouco a festa. Quero que me escribades unha reflexión curta, cunha

cara de folio chégame, sobre o que aprendestes hoxe. Escrita a man, nada de Intelixencia Artificial. Lembrede as tres ideas principais do que nos contou Miguel: a forestación do monte con eucaliptos, piñeiros e acacias empezou a principios do século XX; as comunidades sabotaron estes cambios de uso do monte; e, finalmente, ao final da década dos setenta conseguiron recuperar o seu control. Desde entón, foron adaptando os seus usos aos tempos que corren. ¿Algunha dúbida sobre a actividade que tedes que entregar?

—Non teño ningunha dúbida, Paca, pero sempre estas amolando. ¡Tráenos de excursión para mandarnos deberes! Es unha lercha —contestou Juan en ton de broma.

—Bueeeeno, non será para tanto. Veña imos comer, que vai un día moi bonito —contestou cun sorriso.

Paca estírouse mirando ao ceo. Estaba encantada cos resultados e co seu alumnado, as potenciais futuras persoas comuneiras, que aos poucos se mostraron interesadas. Agora só quedaba gozar do picnic que lles preparara Miguel e volver a casa.



[www.tias.uvigo.gal](http://www.tias.uvigo.gal)

---